



Unha edición facsimilar e as fotografías galegas de García Lorca

FICHA TÉCNICA: 60 pp . 17 x 21 cms.
ISBN 978-84-16460-53-3
PVP: 14,00 €

Edición facsimilar do libro galego máis reeditado e traducido de todo o século XX, os *Seis poemas galegos* de García Lorca. Incorpora as fotografías do poeta en Galicia. Nunha edición ao coidado de Henrique Alvarellos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO DE 2018.- Federico García Lorca foi un gran embaixador da cultura galega. A única lingua na que decidiu escribir, á parte do seu castelán natal, foi a galega. A primeira edición dos *Seis poemas galegos* saíu do prelo de Ánxel Casal en Santiago de Compostela en decembro de 1935, oito meses antes do asasinato do gran poeta granadino. A tiraxe apenas superaba os douscentos exemplares e foron moi poucos os que sobreviviron ao saqueo dos fascistas en agosto do 36.

Non obstante, os poemas galegos de Lorca serían axiña incorporados ás súas obras completas e reeditados e traducidos durante este tem-

po por todo o mundo. Hoxe constitúen o libro en galego máis difundido do século XX.

A presente edición facsimilar reproduce fielmente un daqueles contados exemplares de 1935. Respecta, por unha banda, o deseño, formato e papel orixinais da editorial Nós; por outra, incorpora, como un singular apéndice gráfico, as fotografías comentadas de García Lorca en Galicia, ata dez imaxes de 1916 e 1932 obtidas na terra onde el se sentía "*poeta gallego... poeta de alta hierba, de la lluvia alta y pausada*", algunhas delas, moi descoñecidas, mais outras catro fotografías directamente relacionadas coa xestión dos *Seis poemas galegos*.

O editor e escritor Henrique Alvarellos, responsable da edición, tamén este ano, do libro *El gran viaje de estudios de García Lorca* (Alvarellos Editora), ocupouse neste facsimilar da selección e comentario de cada unha das fotografías.



Para contactar co responsable desta edición, Quique Alvarellos: correo@alvarellos.info - 981 522 137- 609 90 88 52

